


A METODOLOXÍA POR PROXECTOS CONTRIBÚE AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS...



TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

- **Porque permite...**
- **Coñecer diferentes tipos de información**
- **Posuír destrezas relacionadas coa busca, selección, recollida e procesamento da información, a súa transformación en linguaxes diferentes (plásticas, gráficas, audiovisuais...)**

Adquirir actitude crítica e responsable ante o uso das TIC; valoración da información, uso das fontes, na importancia do contraste da información.

- **A COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

Porque permite...

- **Coñecer e ser conscientes do que se sabe e do que queda por aprender**
- **Controlar os procesos de aprendizaxe e adquirir actitude de participación activa**
- **Posuír coñecemento sobre as diferentes fontes e recursos para a recollida e selección da información**
- **Posuír destrezas relacionadas coa integración da información**
- **Adquirir actitude de aceptación dos erros e da posibilidade de aprender coas demais persoas**

- **A AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- **Porque permite...**

Desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, asumir riscos, aprender dos erros, perseverar...

- **Propoñer obxectivos, planificar, comunicar, xestionar, tomar decisións e revisar o feito**
- **Posuír destrezas relacionadas coas habilidades sociais, como a escoita activa ou o saber cooperar**

- **A COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ**

- **Porque permite...**

- **Participar plenamente na vida da aula, aceptando e practicando normas**
- **Posuír destrezas relacionadas coa expresión das propias ideas, escoitando as das outras persoas e tomando decisións**
- **Practicar a negociación relativa ao desenvolvemento da tarefa**
- **Adquirir actitude de respecto e de cooperación.**

■ A COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

■ Porque permite...

-Aprender lingua cando se usa en situacións de comunicación variadas

-Posuír destrezas para producir textos variados adecuados á situación, verbalizar procesos, conceptos e ideas; formular argumentos e defendelos; resumir informacións; regular intercambios comunicativos...

- Adquirir actitude de saber escoitar, saber contrastar ideas e opinións.

CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS DE TRABAJO

- **As características do enfoque por proxectos son:**

- O alumnado “aprende facendo”
- O profesorado “non é o protagonista” do proceso.
- A avaliación é participativa, o alumnado tamén se autoavalía e avalía o proceso.
- Calquera situación, problema, necesidade... xera ou pode xerar un proxecto.
- Trátase de comprender, valorar a realidade e intervir sobre ela para melloralala seguindo un enfoque integrador e globalizador.
- A planificación e a acción discorren conxuntamente nun principio. Profesorado e alumnado planifican en conxunto e éste desenvolve a capacidade de facer eleccións e negocialas.

O clima creado propicia que o alumnado poida aprender e practicar unha ampla gama de habilidades sociais e metacognitivas

A mobilización de saberes permite resolver problemas e situacións e provocar novas aprendizaxes

O feito dun traballo compartido permítelle, tamén ao profesorado, desenvolver competencias profesionais.

O obxecto de traballo, nun proxecto interdisciplinario, pode tratarse dende distintas áreas ou materias, que achegarán aspectos novos que, illadamente, seguramente non serían considerados nin traballados.

▪ **Calquera proxecto incide no desenvolvemento de destrezas como as seguintes:**

- ✓ **Actuar e desenvolverse en grupo atopando fórmulas de cooperación coas demais persoas implicadas no proxecto.**
- ✓ **Asumir as responsabilidades e roles que lle correspondan no grupo e nas diferentes actividades e tarefas.**
- ✓ **Establecer relacións entre feitos do seu contorno, entre aprendizaxes formais e non formais, entre o aprendido en distintas áreas ou materias dos currículos.**
- ✓ **Intercambiar, producir, debatir e contrastar mensaxes.**

- ✓ **Desenvolver a creatividade e a imaxinación.**
- ✓ **Identificar e resolver problemas partindo da súa experiencia e posibilidades.**
- ✓ **Usar os recursos ao seu alcance para resolver as dúbidas e interrogantes que lle xurdan.**
- ✓ **Tomar decisións e compartilas. Coordinar a propia actuación coa do resto do grupo.**
- ✓ **Anticipar e planificar.**
- ✓ **Ser consciente da propia aprendizaxe.**
- ✓ **Levar a cabo tarefas de busca e procesamento, previa estruturación, da información.**

Son fontes para proxectos

- ✓ Os intereses e expectativas do alumnado
 - ✓ As experiencias motivadoras que desencadeen preguntas
 - ✓ A súa vida cotiá
 - ✓ Os temas de conversa entre elas e eles
- As actividades de investigación na aula
Outros proxectos xa desenvolto...

A única condición é que o desencadeante conteña algo valioso e digno de ser investigado.